

Santiago de Compostela a 31 de Agosto de 2018

Estimado/a amigo/a:

Gustáriame presentarche a nosa oferta educativa para o vindeiro curso 2018/2019 en **ESTUDIO, escola de música**. **O prazo de matrícula ábrese o día 3 de Setembro e remata o día 21 do mesmo mes.**

As novidades no profesorado atópanse este ano na área de **Producción** coa incorporación de **Juanjo Abella**, licenciado en Música Electrónica e Tecnoloxía do Son no Saint Louis College of Music (Roma). Como novo profesor de **violín**, contaremos con **Ismael Cabaleiro**, Grado Superior en Jazz e Música Moderna polo Conservatorio Liceo de Barcelona e como novo profesor de **trombón**, **Ramiro Lamas** (Titulado Superior no Conservatorio da Coruña). Na **área de Nenos**, contaremos de novo con **Paula Deira** como coordinadora.

No que respecta as agrupacións da escola, presentamos novas formacións para rapaces, os **Combos Junior**, nos que traballarán repertorio moderno con diferentes instrumentacións. E por outra banda o **Coro Xuvenil** comeza una nova etapa con nova dirección que levará **Ramón Orenco**.

Neste curso, contaremos de novo con estudantes do programa ERASMUS procedentes de Portugal que realizarán os séus estudos de música moderna e jazz participando activamente nas actividades e agrupacións da escola.

Co obxectivo de ampliar e mellorar a calidade da nosa oferta educativa, inauguramos nova etapa con novas instalacións e espazos que permitirán unha maior versatilidade no desenvolvemento das actividades da escola.

Na nosa plataforma ESTUDIO Online (<http://online.escola-estudio.com>) ofertamos cursos que se poden facer de forma non presencial e que teñen a mesma validez que os presenciais.

Como é habitual nestes últimos anos, faremos no noso **Estudio de Gravación un CD de Fin de Curso** como proxecto final e complementario da formación dos nosos alumnos.

Na nosa páxina web ([www.escola-estudio.com](http://www.escola-estudio.com)) podes atopar información actualizada do novo curso e de cursos anteriores.

Sen nada máis que comunicarche polo de agora, recibe un agarimoso saúdo.



Suso Atanes  
Director de **ESTUDIO, escola de música**

Neira de Mosquera, 7 – 15702 Santiago de Compostela – Tel.: 981 561 895

Web : [www.escola-estudio.com](http://www.escola-estudio.com) email: [info@escola-estudio.com](mailto:info@escola-estudio.com)